
Konstantinos Chatzopoulos

A torre á beira do río

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

I

—Vaia bicoca! —musitou Thomos Kranias ao contemplar o vello e estreito edificio que se alzaba ante el mentres sorbía o café á sombra do vedraño lodoeiro.

Os paxaros chirlaban na enramada da árbore, e polo ceo vespertino pasaban devagar as finas e brancas nubes do mes de maio.

Froso, a filla máis vella de Kranias, que estaba sentada a carón del, pousou o bordado no mandil para admirar as nubes e gozar dos trilos da paxarada.

O pequeno Gesilas, armado cos verdes froitos do lodoeiro, arredondados coma balotes, aseitaba as sebes e apuntaba os pardais co tiratacos, en tanto Mario[1] e Koula, descalzas, xogaban a perseguirse pola horta.

Thomos Kranias botou unha calma ollada derredor. Logo arregazou o longo camisón, amarrouno ao van co cinto, colleu o podón e subiu pola escada apoiada no tronco dun freixo un algo retirado, do que penduraba a póla dunha vide. Cortáraa había un tempo, e agora pretendía que medrase cara a arriba.

[1] A entoación é aguda, co golpe de voz na última sílaba. É o hipocorístico de Maria ou de Mariña, que é o caso aquí.

A esposa de Thomos, que había un nada que espertara, aseábase no vertedoiro situado no relanzo das escaleiras. Ao ver o home alí empoleirado, berroulle:

—Atende ao que fas! Deixa estar a rama, que a leve o demo!

E, acto seguido, fregando a cara co mandil, tirou cara a onde estaba o home. Este baixou e observou a videira.

—Tal como a amarrei, os cativos xa non lle chegan —apañou unhas poucas uvas acedas que precisaba para o *avgolemono*[2] e engadiu—: Así aforramos os limóns.

—E mais o aceite de rícino. Bo foi que non caíches, co gordo que estás! —retrucou a muller.

Thomos Kranias fitouna un intre, arrimouse a ela, tocoulle o ombreiro e díxolle:

—Saímos ben parados, ou non? Vaia bicoca! —exclamou sinalando a torre á beira do río, como lle chamaban no lugar.

Fora un capitán dos souliotas[3] quen construíra aquela fortaleza na cima do outeiro, a fin de se deleitar coa vista das montañas. Thomos Kranias mercáraa coa idea de residir nela coa muller e os fillos. Porén, de improviso, destituírano.

«Madía leva!», estivo a piques de suspirar a muller. Calou ao lembrar canto mellor sería agardar a que lle

[2]Tipo de sopa común na cociña do Mediterráneo oriental, elaborada con xemas de ovo e limón.

[3]Os souliotas son os habitantes históricos da área de Souli, unha zona montañosa do Épiro, no noroeste de Grecia. De orixe albanesa, entre os séculos XVI e XIX formaron unha confederación tribal, de confesión cristiá ortodoxa, que se resistiu ao poder otomán, presente na zona dende o XIX. Participaron activamente na loita armada pola independencia de Grecia (1821-1829) e, unha vez conseguida esta, emigraron a outras rexións do novo Estado, até que acabaron por asimilarse ao resto da poboación.